

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015159	IES Chan do Monte	Marín	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Proxecto competencial	3º ESO	1	35

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	7
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	10
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	10
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	11

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nas diferentes unidades didácticas se teñen en conta as competencias básicas co fin, principalmente, de aprender as distintas cuestións e habilidades necesarias á hora de desenvolver un proxecto proposto previamente, de xeito que o alumnado sexa consciente da necesidade e da utilidade da aplicación do aprendido para o seu futuro nas diferentes actividades nas que se vaia a ver inmerso.

Desenvolveranse diferentes proxectos e traballando as Competencias mediante unha investigación relativa á Natureza, para así valorala a diferentes niveis e dende diferentes perspectivas.

CONTEXTUALIZACIÓN.

O grupo consta de 5 alumnos. A maior parte do alumnado procede do medio rural dun grupo de parroquias pertencentes ao concello de Marín e situadas na costa. O nivel socioeconómico é medio. A actividade cultural da zona está centrada en Marín, como vila máis importante. Tamén é o núcleo urbano ao que están máis vinculado o alumnado.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Diseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, con control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O Bosque	Realización dun proxecto entorno ao tema do bosque.	33	13	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	O Mar	Realización dun proxecto entorno ao tema do mar.	33	12		X	
3	Proxecto final	Realización dun proxecto final relacionado coa natureza.	34	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O Bosque	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia do consumo responsable.	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Secuenciar e temporalizar o proxecto.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Poñer en práctica os coñecementos adquiridos.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Utilizar os recursos necesarios para executar o proxecto.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar adecuadamente os resultados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
2	O Mar	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da redución das desigualdades.	TI	100
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Proxecto final	10

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia da enerxía e as consecuencias da contaminación que xera a súa produción.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e coa temporización prevista	Executar as actuacións planificadas.		
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Facer una presentación do proxecto cos resultados obtidos.		
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe clara e correcta.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Expresarse corporalmente de forma comunicativa e expresiva.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Incidir nas emocións negativas e controlar as negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar os recursos adecuados para a presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporización. - Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía baséase na realización por parte do alumnado dunha serie de exercicios prácticos, a maior parte deles empregando as Tics, que só se porán realizar na aula e excepcionalmente fora dela. Estes exercicios, así como a base teórica, está especificados nun caderno de traballo que recibirá o alumnado ao inicio do curso.

ESTRATEGIA: Primeiro farase un achegamento as diferentes ferramentas tic que imos empregar. A continuación se propondra o proxecto a realizar coas premisas a ter en conta para que o alumnado poida comezar a traballar nel.

AGRUPAMENTOS: Os primeiro dous proxectos faranse de xeito individual. O último será realizado por parellas.

ESPAZO. A aula de plástica, equipada con esencial para realizar as actividades programadas. A mesas están ordenadas por parellas puidendo agrupalas doutro xeito en función de diferentes necesidades organizativas e pedagóxicas.

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Xeografía e Historia (espazos e lugares da contorna, momentos históricos...)
- Matemáticas (organización dos elementos que constitúen un cartel tendo en conta o espazo que ocupan, o formato do mesmo...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, presentación dixital do proxecto)
- Educación Plástica e Visual (a linguaxe da cor, composición e outros aspectos relacionados co deseño gráfico e a imaxe en movemento)

Serán tarefas do profesor na aula.

- Anunciar: con antelación a un exercicio, comunicárase o material necesario para a súa elaboración.
- Introducir: presentarase o tema ou o asunto sobre o que vai desenvolverse a sesión do día.
- Expoñer: comentarase a estrutura teórica do contido e dos procedementos para desenvolvelo
- Ilustrar: mostrarase suficiente material visual para complementar o discurso teórico. Este material será de diferente natureza e en diferentes formatos: imaxes fotográficas, vídeos, aplicacións interactivas, etc. Este material poderá ser creado e exposto polo profesor a través de recursos e métodos tradicionais analóxicos como pizarra, papel, ou tecnolóxicos - dixitais como ordenadores, proxector ou pizarra dixital. . Parte deste material estará na aula virtual para que o alumnado poida acceder a el en calquera momento do curso.
- Explicar: definirase claramente a natureza dos exercicios, qué facemos, para qué o facemos, a qué cuestións temos que dar resposta, qué procedementos empregaremos, cales son os materiais máis axeitados para cada proposta e cómo traballaremos.
- Orientar: daranse pautas individualizadas para que cada alumno/a obteña o mellor resultado posible.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal) ou Aula de ordenadores
Biblioteca do centro
Caderno

Os materiais e recursos a empregar serán principalmente os relacionados coas novas tecnoloxías e puntualmente algúns tradicionais cos que conta a aula de Plástica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

AVALIACIÓNS PARCIAIS.

O 80% da nota obterase dos traballos propostos ao longo do curso. O 20% da actitude de traballo do alumnado.

AVALIACIÓN FINAL. Obterase da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación.

O Redondeo da nota será como está indicado no exemplo: 5,70 (6) / 5,69 (5). Este redondeo aplicarase nas cualificacións das avaliacións parciais e na final. Nesta avaliación final recuperaránse os decimais restados nas avaliacións parciais.

Criterios de recuperación:

RECUPERACIÓN.

Se o alumnado non acadara a cualificación mínima nunha unidade didáctica ou nunha avaliación deberá repetir aqueles exercicios que lle indicará o profesor e entregalos na data establecida. A nota obtida nos exercicios de recuperación volverán a engadirse a unidade correspondente para obter a nova cualificación.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

O mesmo deseño da programación didáctica tanto na metodoloxía, na temporalización das unidades didácticas e nas actividades de cada unha delas, dos diferentes materiais e recursos empregados, contemplan diferentes aspectos orientados a reforzar e atender diferentes diversidades no aprendizaxe do alumnado. Ademais destas medidas, se fose necesario, aplicaríanse outras medidas en coordinación co departamento de Orientación:

1. Alumnado con dificultades de comprensión:

- Sentar cun compañeiro con destrezas na materia.
- Supervisar o seus exercicios antes do día da entrega
- Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.
- Flexibilizar criterios de corrección.

Posibilidade de repetir algún dos traballos mal feitos, sobre todo os de dificultade menor, ou ampliar os prazos de entrega dos mesmos a espensas de no facer algún dos traballos programados (principalmente os de máis dificultade) co fin de acadar o grao mínimo.

2. Alumnado fortemente desmotivado:

- Prestar o material de aula baixo compromiso de ter o seu na sesión seguinte.
- Avisar á familia no caso de reincidencia, previo informe a titoría.

3. Alumnado co Síndrome de Asperger. Alumnado con síndromes do espectro autista:

- Ubicar na 1ª fila.
- Supervisar que ten o material e realiza os exercicios.
- No caso de repetir actitude, informar, previo aviso á titoría, á familia.
- Atraer e manter a súa atención con chamadas e preguntas sobre o explicado e a actividade a realizar.

4. Alumnado TDHA:

- Dar máis tempo para resolver tarefas.
- Valorar publicamente os seus acertos e corrixir en privado os seus erros.
- Flexibilizar criterios de corrección

5. Alumnado inmigrante con descoñecemento do idioma

- Escribir no taboleiro os enunciados dos exercicios e falar no seu contorno e cara a eles. Repetir pausadamente as explicacións que o requiran.
- Empregar internet para facer traducións, se fora necesario. Ás veces os propios alumnos/as traducen palabras clave ao inglés ou francés.
- Sentar cun compañeiro con habilidades sociais.
- Flexibilizar criterios de corrección.

6. Alumnado TEA.

- Facer propostas de exercicios máis creativos.
- Entregar actividades máis complexas
- Ampliar información teórica dos contidos
- Pedir colaboración para actuar con compañeiros de clase.
- Valorar e agradecer publicamente a súa axuda.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación medioambiental	X	X	X
ET.2 - Espírito crítico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.3 - Educación cívica	X	X	X
ET.4 - Iniciativa e creatividade	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Realización dun roteiro artístico e mediambiental.	A actividade consistiría na realización dun roteiro dentro ou fora do concello que teña interese artístico e medioambiental, para unha posterior actividade na aula relacionada con dita saída e co tema común que se está a tratar ao longo do curso nas distintas unidades didácticas.		X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Fanse anotacións durante as revisións da programación para a mellora e optimización da mesma de cara a vindeiros cursos.
Metodoloxía empregada
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
Ofrécense ao alumnado as explicacións individualizadas que precisa.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Hai suficientes recurso na aula.
O tamaño do espazo e o seu aproveitamento é axeitado para o grupo.
Exponse traballos dos alumnos na aula ou outros recursos visuais.
Medidas de atención á diversidade
Dispónse de toda a información relativa ao alumnado antes do comezo do curso.
A programación contempla a atención á diversidade.
Elabóranse actividades atendendo á diversidade.

Clima de traballo na aula
Coñécense e aplícanse os protocolos pertinentes no caso de ser necesario.
Dase a coñecer o máis salientable da programación ao alumnado e se lle facilita o acceso ao contido da mesma por medios dixitais (aula virtual, espazo web, etc)
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Foméntase a participación individual e colectiva á hora de compartir ideas sobre os diferentes temas co resto da clase.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Infórmase ás familias dos aspectos básicos da programación ao inicio do curso.
Infórmase ás familias e aos titores de aspectos salientables do proceso de aprendizaxe do alumnado ao longo do curso.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

INSTRUMENTOS: A través da observación directa e dos traballos realizados. Iráse anotando no caderno de aula tanto as cualificacións como as diferentes observacións feitas en canto a mellora da práctica docente.

PERIODICIDADE: O seguimento farase diariamente. As diferentes observación e información obtidas no seguimento rexistrárese na acta de departamento e nesta aplicación ao finalizar cada unidade didáctica ou grupo de unidades cunha mesma temática.

9. Outros apartados